

EVANXEO

+ Lectura do santo Evanxeo segundo Xoán 16, 23b-28

Naquel tempo, díxolles Xesús ós seus discípulos:

– «Con toda verdade volo aseguro: o que lle pidades ó Pai no meu nome, El hávolo dar. Ata agora non pedistes nada no meu nome.

Pedide e recibiredes, de xeito que a vosa alegría sexa plena.

Díxenvos estas cousas en comparanzas. Vai chegar a hora en que xa non vos falarei en comparanzas, senón que vos falarei do Pai abertamente.

Naquel día pediredes no meu nome. E non vos digo que eu rogarei por vós ó Pai, xa que o propio Pai vos ama, pois vós amástesme a min, e crestes que eu saín de Deus.

Saín do Pai e vin ó mundo; de novo deixo o mundo e vou onda o Pai.»